

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 3 DE OUTUBRO DE 2023**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Diego Alcantarilla Rei  
D<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas  
D. Daniel Mallo Castro  
D<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy  
D. David López Saborido

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día tres de outubro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D<sup>a</sup>. María Dolores Pan Lesta, D<sup>a</sup>. María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D<sup>a</sup>. Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Asisten á sesión a interventora municipal, D<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2023**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de setembro de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 26 de setembro de 2023.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Resolución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, do 22 de setembro de 2023, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro

da Orde de 21 de febreiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (Diario Oficial de Galicia número 46, de 8 de marzo). DOG núm. 188, do 03.10.2023.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **ÚNICO.- DECLARACIÓN DE DESISTENCIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚM. 2023/C004/000028, CORRESPONDENTE Á "CONTRATACIÓN ARTÍSTICA E Á PRODUCCIÓN DO VII FESTIVAL TEMPLE JAZZ 2023"**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 29 de setembro de 2023 (CVD: lLiDVNd/NhtXO2XOVVv), que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que con data do 01.08.2023, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de contratación do "Servizo do VII Festival Temple Jazz" (expediente TEdC núm. 2023/C004/000028) mediante procedemento aberto simplificado con multiplicidade de criterios de adjudicación (sometidos a xuízo de valor e de apreciación automática), dividido en dous lotes (Lote 1 "Servizo de espectáculos de música en directo de catro grupos artísticos para esta edición 2023 e servizo de dirección artística" e lote 2 "Subministración dos elementos e do personal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival"), cun valor estimado de 35.818,85 €.

Visto que o anuncio de licitación publicouse na PLACSP con data do 02.08.2023, coa correspondente apertura do procedemento de licitación, finalizando o prazo de presentación de ofertas o 17/08/2023.

Vista a acta da sesión da mesa de contratación designada neste expediente, celebrada con data do 18.08.2023 (CVD: UituElAwNlovFfUJj0Vs), que di:

*"(...) Según consta en la lista de licitadores expedida por la Plataforma de Contratos del Sector Público (Código seguro de verificación: HEZ+H\_1GO8A\_VOEDO\_36522), durante el plazo de presentación de ofertas, presentó proposición un único licitador, en cada uno de los lotes:*

	<b>EMPRESA</b>	<b>Nº IDENTIFICACIÓN</b>
<b>LOTE 1</b>	José Luis Torrado Rodríguez	32819315V
<b>LOTE 2</b>	José Luis Torrado Rodríguez	32819315V

**PRIMERO.- Acto de apertura oferta criterios juicio de valor (art. 159) correspondiente a las proposiciones presentadas por los licitadores en el procedimiento con número de expediente 2023/C004/000028 para adjudicar el contrato de VII Festival Temple Jazz 2023. LOTE 1.**

De orden de la Sra. Presidenta se procede al descifrado y apertura electrónica del Sobre B: "Documentación administrativa y documentación cuya ponderación depende de un juicio de valor", presentado en este procedimiento, el cual cumple las condiciones y requisitos establecidos en la cláusula 14 del Pliego de cláusulas administrativas particulares que rigen el contrato (PCAP).

*En primer lugar, se comprueba el fichero que figura en la Plataforma de Contratación dentro del apartado rubricado "Requisitos de participación", y que se corresponde con la declaración responsable del modelo del Anexo II del PCAP, resultando que el único licitador presentado, José Luis Torrado Rodríguez, ha presentado debidamente cubierto dicho anexo.*

*En concordancia con lo anterior, se procede a la comprobación del resto de ficheros que se contienen en el sobre electrónico B, que figuran en la Plataforma de Contratación, así como con la documentación relativa a los criterios evaluables mediante juicio de valor, comprobándose que dicha documentación se ajusta al PCAP, sin perjuicio de la valoración que resulte del examen de su contenido.*

*A la vista de lo expuesto, la Mesa de Contratación, por unanimidad de los cinco miembros que la constituyen,*  
**ACUERDA:**

**Primero:** *Admitir la proposición el único licitador presentado, José Luis Torrado Rodriguez, por cumplir las condiciones y requisitos establecidos en las Cláusulas 13 y 14 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) y haber aportado debidamente cubierta la declaración responsable conforme al modelo del Anexo II de dicho pliego.*

**Segundo:** *De conformidad con lo establecido en la Cláusula 16 del PCAP, dar traslado al coordinador de actividades culturales y educativas, de la documentación técnica presentada, a fin de que emita informe técnico sobre el único criterio evaluable mediante juicio de valor contemplado en la Cláusula 12 del pliego:*

*- méritos de la persona que ejercerá la dirección artística.*

**SEGUNDO.- Acto de apertura oferta criterios juicio de valor (art. 159) correspondiente a las proposiciones presentadas por los licitadores en el procedimiento con número de expediente 2023/C004/000028 para adjudicar el contrato de VII Festival Temple Jazz 2023. LOTE 2.**

*De orden de la Sra. Presidenta se procede al descifrado y apertura electrónica del Sobre B: "Documentación administrativa y documentación cuya ponderación depende de un juicio de valor", presentado en este procedimiento, el cual cumple las condiciones y requisitos establecidos en la cláusula 14 del Pliego de cláusulas administrativas particulares que rigen el contrato (PCAP).*

*En primer lugar, se comprueba el fichero que figura en la Plataforma de Contratación dentro del apartado rubricado "Requisitos de participación", y que se corresponde con la declaración responsable del modelo del Anexo II del PCAP, resultando que el único licitador presentado, José Luis Torrado Rodríguez, ha presentado debidamente cubierto dicho anexo.*

*En concordancia con lo anterior, se procede a la comprobación del resto de ficheros que se contienen en el sobre electrónico B, que figuran en la Plataforma de Contratación, así como con la documentación relativa a los criterios evaluables mediante juicio de valor.*

*Por la mesa se comprueba que en este sobre B se ha introducido la propuesta relativa a las mejoras en la sonorización (criterio evaluable de forma automática conforme a la cláusula 12.2.1.b) del PCAP).*

*A este respecto, el párrafo 3º del artículo 146.2.b) dice que "en todo caso, la evaluación de las ofertas conforme a los criterios cuantificables mediante la mera aplicación de fórmulas se realizará tras efectuar previamente la de aquellos otros criterios en que no concurra esta circunstancia, dejándose constancia documental de ello".*

*En cumplimiento de dicho artículo, la cláusula 14 del PCAP prevé la presentación de las proposiciones en dos sobres (sobre B, en el que se incluirá la declaración responsable y la documentación relativa a los criterios sometidos a juicio de valor y el sobre C, en el que se incluirá la documentación relativa a los criterios de apreciación automática). Por su parte, el anexo III del pliego contempla el modelo de proposición a incluir en el sobre C, en el que se prevé el criterio relativo a las mejoras en la sonorización (criterio de apreciación automática).*

Por cuanto antecede, la inclusión en el sobre B de documentación relativa a los criterios de evaluación automática (mejoras en la sonorización) supone la exclusión de la proposición presentada y, no habiendo más licitadores, la declaración de desierto de este lote 2.

A la vista de lo expuesto, la Mesa de Contratación, por unanimidad de los cinco miembros que la constituyen, **ACUERDA:**

**Primero:** Excluir del lote 2 de esta licitación la proposición presentada por José Luis Torrado Rodríguez por haber incluido en el sobre B documentación relativa a criterios evaluables de forma automática (mejoras en la sonorización) infringiendo lo dispuesto en el párrafo 3º del artículo 146.2.b) de la LCSP y cláusula 14 del PCAP.

**Segundo:** Declarar desierto el lote 2 por falta de licitadores (...)."

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, con data do 08.09.2023 (CVD: TWzvFwiwPAqM0cJjAbR/), que entre outras cousas di:

"(...)

#### **CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS**

Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escasez de persoal no servizo e da necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente, polo que poderá ser ampliado.

#### **ANTECEDENTES**

Os que constan no expediente TEDEC 2023/C004/000028, entre os que cabe destacar:

- Con data do 01.08.2023, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de contratación do Servizo do VII Festival Temple Jazz (expediente TEDeC núm. 2023/C004/000028) mediante procedemento aberto simplificado con multiplicidade de criterios de adjudicación (sometidos a xuízo de valor e de apreciación automática), dividido en dous lotes (Lote 1 "Servizo de espectáculos de música en directo de catro grupos artísticos para esta edición 2023 e servizo de dirección artística" e lote 2 "Subministración dos elementos e do personal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival"), cun valor estimado de 35.818,85 €.

- Con data do 18.08.2023 celebrouse sesión da mesa de contratación designada neste expediente na que se propuxo, entre outras cousas, excluir do lote 2 desta licitación a proposición presentada por José Luis Torrado Rodríguez por incluír no sobre B documentación relativa a criterios evaluables de forma automática (melloras en sonorización), infrinxindo o disposto no parágrafo 3º do artigo 146.2.b) da LCSP e na cláusula 14 do PCAP e, non habendo máis licitadores, declarar desierto o dito lote 2.

- Con data do 23.08.2023 emitiuse informe polo coordinador de actividades culturais e educativas (CVD: 19qFQLCQYc/juzMJ0cwb) que di:

"Don José Luis Martínez Názara, coordinador de actividades culturais e educativas do Concello de Cambre (A Coruña), en relación á factura antedita, informo:

- Que a contratación dos servizos do VII Festival Temple Jazz estaba dividida en dous lotes:
  - o Lote 1: Grupos artísticos e dirección artística
  - o Lote 2: Servizos e subministros necesarios para a produción do festival

- Que os servizos destes dous lotes son complementarios, e que a non contratación dun deles provoca a imposibilidade de levar a cabo o proxecto.
- Que debido as incidencias relativas ao lote 2, que imposibilitan a súa adxudicación, non ten sentido continuar co expediente de contratación.

É por isto polo que se solicita o desistancia na tramitación da contratación dos servizos do VII Festival Temple Jazz (Exp. TEDeC 2023/C004/000028)".

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Primeira.- Normativa aplicable.

Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).

### Segunda.- Non adxudicación e desistancia.

O artigo 152 da LCSP di:

*"Decisión de no adjudicar o celebrar el contrato y desistimiento del procedimiento de adjudicación por la Administración.*

- 1. En el caso en que el órgano de contratación desista del procedimiento de adjudicación o decida no adjudicar o celebrar un contrato para el que se haya efectuado la correspondiente convocatoria, lo notificará a los candidatos o licitadores, informando también a la Comisión Europea de esta decisión cuando el contrato haya sido anunciado en el «Diario Oficial de la Unión Europea».*
- 2. La decisión de no adjudicar o celebrar el contrato o el desistimiento del procedimiento podrán acordarse por el órgano de contratación antes de la formalización. En estos casos se compensará a los candidatos aptos para participar en la licitación o licitadores por los gastos en que hubiesen incurrido en la forma prevista en el anuncio o en el pliego o, en su defecto, de acuerdo con los criterios de valoración empleados para el cálculo de la responsabilidad patrimonial de la Administración, a través de los trámites del procedimiento administrativo común.*
- 3. Solo podrá adoptarse la decisión de no adjudicar o celebrar el contrato por razones de interés público debidamente justificadas en el expediente. En este caso, no podrá promoverse una nueva licitación de su objeto en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la decisión.*
- 4. El desistimiento del procedimiento deberá estar fundado en una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, debiendo justificarse en el expediente la concurrencia de la causa. El desistimiento no impedirá la iniciación inmediata de un procedimiento de licitación.*
- 5. En el supuesto de acuerdos marco, el desistimiento y la decisión de no adjudicarlos o celebrarlos corresponde al órgano de contratación que inició el procedimiento para su celebración. En el caso de contratos basados en un acuerdo marco y en el de contratos específicos en el marco de un sistema*



*dinámico de adquisición, el desistimiento y la decisión de no adjudicarlos o celebrarlo se realizará por el órgano de contratación de oficio, o a propuesta del organismo destinatario de la prestación”.*

*Respecto deste artigo pronunciouse o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais na súa Resolución 116/2023, de 9 de febreiro, na que, entre outras cousas, na súa consideración xurídica quinta, di:*

*“(…)*

*El precepto recoge dos instituciones distintas, la renuncia y el desistimiento.*

*La renuncia, a diferencia del desistimiento, supone un cambio en la voluntad de la Administración de contratar la prestación, por razones de interés público y, por ello, es un acto de contenido discrecional. Ha de ser acordado –al igual que el desistimiento– antes de la formalización del contrato, y precisamente por su carácter discrecional el artículo 152.3 de la LCSP introduce como cautela, para evitar fraudes en el procedimiento de adjudicación, la prohibición al órgano de contratación de promover una nueva licitación del objeto del contrato en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la renuncia.*

*Por el contrario, el desistimiento tiene un contenido por completo diferente, a diferencia de la renuncia no es un acto discrecional determinado por el cambio de voluntad de la Administración contratante, sino un acto reglado fundado en causas de legalidad y no de oportunidad. Por ello exige, como señala el apartado 4 del artículo 152 de la LCSP, la concurrencia de una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, que haga imposible continuar con la licitación hasta su adjudicación; y por ello el desistimiento, a diferencia de la renuncia, no impide la iniciación inmediata de un nuevo procedimiento de licitación con el mismo objeto.*

*En relación a la renuncia, en la Resolución 907/2021, de 22 de julio de 2021, recogiendo la doctrina dictada por este Tribunal sobre esta figura, se ha señalado lo siguiente:*

*“En la Resolución 501/2020, de 2 de abril, decíamos que la renuncia a la adjudicación del contrato se acuerda en el ejercicio de una potestad discrecional y esto, por tanto, limita las facultades de revisión del Tribunal, y se compilaba la doctrina dictada al respecto. En esta misma resolución, con cita a la Resolución 507/2016, de 24 de junio, decíamos:*

*“b) En el caso de la renuncia, por el contrario, basta con que se justifique en el expediente la concurrencia de una causa de interés público que determine la renuncia. En este sentido, se ha señalado que si el órgano de contratación es libre de iniciar o no el procedimiento de contratación, esta libertad alcanza asimismo a la posibilidad de renunciar a la celebración de un contrato encontrándose en curso un procedimiento de contratación, siempre que existan razones de interés público para ello, como no puede ser de otro modo, puesto que ningún ente del sector público puede verse constreñido a celebrar un contrato si existen razones justificadas para estimar improcedente dicha contratación. Ahora bien, ello siempre con el límite de que en ningún caso la discrecionalidad puede encubrir una decisión arbitraria, debiendo siempre estar dirigida la actuación administrativa a la satisfacción del superior interés general (resolución nº 731/2014).*

*c) Para que proceda válidamente la renuncia es necesario por ello que se den tres requisitos: i) que la renuncia se acordada por el órgano de contratación antes de la adjudicación del contrato; ii) que concurra una causa de interés público y iii) que la resolución sea motivada y que las razones se encuentren justificadas en el expediente”.*

*Y sobre la invocación de un interés público como segundo requisito para la aplicación de la renuncia, citábamos en la Resolución de 30 de diciembre de 2020 la Resolución 400/2017, en la que se dice que dicho poder discrecional no requiere para su ejercicio circunstancias graves o excepcionales:*

*“La renuncia a adjudicar no está condicionada a que existan circunstancias graves o excepcionales, de igual manera que los particulares pueden no llegar a celebrar un contrato pese a que las*

*negociaciones para su conclusión estuvieran muy avanzadas, lo mismo sucede con los poderes adjudicadores si consideran que su celebración puede suponer un riesgo para los intereses público de los que son garantes”.*

*Y, finalmente, en las Resoluciones 189/2017 o 1120/2015 se recuerda, sin embargo, en el límite opuesto a dicha decisión discrecional, que no cabe una invocación genérica al interés público:*

*“No motiva suficientemente la renuncia una invocación genérica del interés público - como la «necesidad de estudiar con mayor profundidad el sistema de gestión del servicio», o la de «analizar con más detalle el contenido de los pliegos contractuales»-, sin especificar por qué se da tal necesidad: la ausencia de un razonamiento que justifique la decisión adoptada, en aras a ese interés público invocado de forma abstracta, no puede justificar la renuncia al contrato so pena de incurrir en arbitrariedad”.*

*(...)”.*

**Terceira.** *No suposto examinado, o coordinador de actividades culturais e educativas, no seu informe de data 23.08.2023 (CVD: 19qFQLCQYc/juzMJ0cwb) propón a desistencia do procedemento, se ben non fundamenta a dita proposta en ningunha infracción da normativa aplicable senón “nas incidencias relativas ao lote 2”, que, di, imposibilitan a adxudicación do lote 1.*

*Verbo da división en lotes do obxecto deste contrato e da súa falta de xustificación, así como das consecuencias que da dita división poderían derivarse, xa se pronunciara a técnica que subscribe no informe desfavorable á aprobación deste expediente emitido con data do 14.07.2023, coa conformidade da Secretaria Xeral (CVD: Olfdcc2Y4sijU9oPtAi), no que se dicía:*

*“(…)”*

*En relación ao prego que figura no expediente, fórmulanse as seguintes consideracións:*

**6.1.-** *Respecto da **división en lotes**, a cláusula 4 do PCAP, de acordo co punto 5 da memoria xsustificativa de necesidade e idoneidade desta contratación, di:*

*“De conformidade con lo establecido en el artículo 99.2 de la LCSP, el contrato se licita en dos lotes, ya que así lo permite la naturaleza y el objeto del contrato, previéndose la realización independiente de cada una de sus partes mediante su división en lotes.*

*No se establecen limitaciones en cuanto al número de lotes a los que pueda presentarse un licitador ni en cuanto al número de lotes que puedan adjudicarse a un mismo licitador”.*

*Non comparte a técnica que subscribe esta afirmación en tanto que o órgano de contratación podería atoparse ante a contradición de poder contratar o lote 2 - “suministro de los elementos y el personal necesarios para la prestación de todos los servicios que requiere la producción del festival”- sen poder contratar o lote 1 - “servicio de espectáculos de música en directo de cuatro grupos artísticos para esta edición 2023 y servicio de dirección artística”-. Neste suposto, a adxudicación do lote 2 deviría nun acto nulo de pleno dereito por ter un contido imposible, de acordo co artigo 47.1.c) da LPACAP.*

*Convén recordar que, se ben o artigo 99 da LCSP establece como norma xeral a división en lotes dos contratos “siempre que la naturaleza o el objeto del contrato lo permitan”, no seu apartado 3 di que o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato, entre outros motivos, cando “el riesgo para la correcta ejecución del contrato proceda de la naturaleza del objeto del mismo, al implicar la necesidad de coordinar la ejecución de las diferentes prestaciones, cuestión que podría verse imposibilitada por su división en lotes y ejecución por una pluralidad de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, en su caso, justificados debidamente en el expediente”.*

*En definitiva, a división en lotes dunha contratación debe analizarse de forma pormenorizada en cada suposto e, a xuízo da técnica que subscribe, no suposto examinado non se xustifica a dita división en lotes do obxecto do contrato.*

*(...)*”.

*O informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 23.08.2023 (CVD: 19qFQLCQYc/juzMJ0cwb) ven a recoñecer que o criterio sostido pola técnica que subscribe verbo da falta de xustificación da división en lotes do obxecto deste contrato no momento da aprobación deste expediente era correcto.*

*A maior abundamento, a xuízo da técnica que subscribe, o coordinador, no seu informe de data 23.08.2023, non motiva o cambio de criterio seguido no momento da aprobación deste expediente (cando propuxo a división en dous lotes do obxecto deste contrato), de acordo co artigo 35.1.c) da LPACAP. Como xa se indicou, tampouco fundamenta a súa proposta de desistencia en ningunha infracción normativa, de acordo co artigo 152.4 da LCSP.*

*Por outra banda, ademáis da falta de xustificación da división en lotes do obxecto deste contrato, no citado informe, desfavorable á aprobación deste expediente, emitido por esta técnica con data do 14.07.2023, coa conformidade da Secretaria Xeral (CVD: Olfdcc2Y4sijU9oPtAi) formuláronse unha serie de observacións (consideración xurídica sexta do dito informe), constitutivas, a xuízo das funcionarias asinantes, de infraccións da normativa vixente (que non se reproducen neste momento en aras dunha maior brevidade) nas que se fundamentou o carácter desfavorable do dito informe á aprobación deste expediente de contratación.*

*A técnica que subscribe reitérase e ratifícase no dito informe e, polas infraccións da normativa vixente nel expostas, considera que se xustifica a declaración da desistencia deste procedemento de contratación.*

*Noutra orden de cousas, consta no expediente a acta da mesa de contratación da sesión celebrada con data do 18.08.2023 sen asinar polo secretario e pola presidenta da mesa asistentes á dita sesión, se ben pola técnica que subscribe se fixo constar, nos antecedentes deste informe, o acordo adoptado na dita sesión verbo do lote 2 por canto que estaba presente na mesma. Non obstante, advírtese que a resolución deste procedemento debe ditarse, no seu caso, previa sinatura de dita acta.*

### **CONCLUSIÓN:**

*En atención ao exposto, a xuízo da técnica que subscribe, procede a declaración da desistencia deste procedemento de contratación polas infraccións da normativa vixente expostas no seu informe de data 14.07.2023, coa conformidade da Secretaria Xeral (CVD: Olfdcc2Y4sijU9oPtAi).*

*Non obstante, advírtese que a resolución deste procedemento debe ditarse, no seu caso, previa sinatura da acta da mesa de contratación celebrada con data do 18.08.2023.*

*É o que expoño neste informe coas cautelas e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.(...)*”

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Declarar a desistencia do expediente de contratación núm. 2023/C004/000028, correspondente á Contratación artística e á produción do VII Festival “Temple Jazz 2023”, conforme ao establecido no artigo 152.4 in fine, e concordantes, da Ley 9/2017, del 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Segundo:** Publicar este acordo na Plataforma de Contratación del Sector Público, onde se aloxa o Perfil do Contratante do Concello de Cambre, de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.



**Terceiro:** Notificar esta resolución ao licitador para a súa constancia e a efectos oportunos.

**Cuarto:** Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEdC, ao responsable do contrato, o coordinador de actividades culturais e educativas, e á intervención municipal.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 29 de setembro de 2023 (CVD: lLiDVNd/NhtXO2XOVOVy), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 22 ao 28 de setembro de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1537/2023 e rematan coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social núm. 1577/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1537/2023	22-09-2023	Baixa de oficio do Padrón municipal de habitantes de F.B.I.
1538/2023	22-09-2023	Baixa de oficio do Padrón municipal de habitantes de D.I.S.
1539/2023	22-09-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de setembro de 2023
1541/2023	22-09-2023	Determinación de superficies útiles das parcelas resultantes da división de local comercial (Resolución complementaria da Resolución da Alcaldía núm. 1132/2023, de data 27 de xuño)
1542/2023	22-09-2023	Licenza de ocupación da vía pública na Estrada da Estación, de 6 m <sup>2</sup> , durante 12 meses
1543/2023	22-09-2023	Inicio de expediente de execución a L.M.C. para a xestión de biomasa existente en finca sita en Pena da Nosa Señora.
1544/2023	22-09-2023	Expediente sancionador por infracción reguladora da limpeza viaria e ornato, por non recoller da vía excrementos do seu can en varios lugares de Cambre. F.J.G.V.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1545/2023	22-09-2023	Orde de execución polo estado finca no lugar Fabás, Pravio. Propietario: J.A.F.S.
1546/2023	22-09-2023	Inicio de expediente de orde de execución a herdeiros de C.C.B. e M.M.R.P. para a xestión da biomasa existente na finca sita no Coto, Brexo, Cambre
1547/2023	22-09-2023	Inicio de expediente de orde de execución a A.J.C.R. para a roza de vexetación existente en finca sita en Lg. Espíritu Santo, Cecebre
1548/2023	22-09-2023	Inicio de expediente de orde de execución á comunidade de herdeiros C.R. para a xestión da biomasa existente en finca sita no Corgo, Brexo.
1549/2023	22-09-2023	Inicio de expediente de orde de execución a C.R.M. e outros para a roza da vexetación que sobresaia a vía pública en finca sita na rúa W.F.F., Cambre
1550/2023	22-09-2023	Inicio de expediente de orde de execución a E.G.V. para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar da Castellana, Cambre
1551/2023	22-09-2023	Desistencia axuda emerxencia social alimentos E.B.
1552/2023	22-09-2023	Licenza de ocupación de vía pública por obras na cuberta de edificio sito na rúa Pígara, de 28 m <sup>2</sup> , durante o período do 08/09/2023 ao 31/10/2023
1553/2023	22-09-2023	Licenza de ocupación de vía pública por obras na Trav. Coutelana, de 46 m <sup>2</sup> , dende o 31/08/2023 ata o 31/10/2023
1554/2023	22-09-2023	Licenza de ocupación de vía pública na rúa Rosalía de Castro, de 208 m <sup>2</sup> durante o período do 07/08/2023 ao 07/10/2023
1555/2023	25-09-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de setembro de 2023
1556/2023	25-09-2023	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de decembro de 2022.
1557/2023	25-09-2023	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de agosto de 2023 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas
1558/2023	27-09-2023	Expedientes multas de tráfico – Acordos de inicio
1559/2023	27-09-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.R.L.D. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1560/2023	27-09-2023	Expediente sancionador por incumprimento do horario de apertura de bar sito en rúa Polígono, O Temple. Responsable: F.G.C.
1561/2023	27-09-2023	Solicitude número vivenda no lugar de Pontido, Sigrás a instancia de C.B.M.
1562/2023	27-09-2023	Rectificación da Resolución da Alcaldía nº 1533/2023, do 21 de setembro, pola que se acordou asignar número a vivenda sita no lugar da Xira, Sigrás.
1563/2023	27-09-2023	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 160, letra A no cemiterio municipal o día 4 de xuño de 2023, co fin de inhumar o cadáver de A.S.V.
1564/2023	27-09-2023	Licenza de ocupación de vía pública na rúa Ánxel Felo, de 56 m <sup>2</sup> , dende o 16/08/2023 ata o 17/11/2023
1565/2023	27-09-2023	Inicio de procedemento sancionador a A.S.S. polo depósito de residuos nun camiño público sito na Mosca, Santa María de Vigo
1566/2023	27-09-2023	Inicio de procedemento sancionador a A.R.R. pola infracción da

		ordenanza reguladora de limpeza viaria e ornato publico por non recoller defecacións en vía pública
1567/2023	27-09-2023	Licenza de obra para realización de muro de contención no Pombo, Pravio. Promotor: E.P.C.
1568/2023	27-09-2023	Inicio de expediente de orde de execución a J.R.B.G. para a xestión da biomasa existente en finca sita na Rocha, Anceis. Propiedade: J.R.B.G.
1569/2023	27-09-2023	Inicio de expediente de orde de execución a M.J.P.D. para a xestión da biomasa existente na finca sita en San Marcos, Anceis.
1570/2023	27-09-2023	Inicio de expediente para a reposición da legalidade urbanística a J.A.P.A. e N.L.L. por construción de caseta en Outeiro – Cela, sen licenza municipal
1571/2023	27-09-2023	Concesión de licenza de edificación para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Mercurín - Anceis a L.Mª.C.T.
1572/2023	27-09-2023	Arquivo de expediente incoado a M.A.C.R. pola realización de vertidos de augas residuais, por terse suspendido
1573/2023	27-09-2023	Concesión de licenza de edificación a S.R.C. para reforma e ampliación na vivenda sita en Anceis
1574/2023	28-09-2023	Aprobación do pagamento a Augas de Galicia correspondente á autoliquidación do canon da auga do segundo cuadrimestre do 2023
1575/2023	28-09-2023	Nomeamento de conserxe interina adscrita ao departamento de Deportes para substitución transitoria da titular
1576/2023	28-09-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a R.M.A.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1577/2023	28-09-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a E.R.S. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto

## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e un minuto do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo